

## **CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO**

A Universidade de Santiago de Compostela ten como competencias o desenvolvemento dos cursos de terceiro ciclo, así como a de promover a utilización da lingua galega.

Co obxectivo de que a lingua galega sexa de uso normal na redacción e defensa das teses de doutoramento, convócanse axudas para a realización das mesmas, cun compoñente económico e de apoio do Servizo de Normalización Lingüística, de acordo coas seguintes

### **BASES**

#### **1 DESTINATARIOS**

Poden acceder a estas axudas os estudantes do terceiro ciclo que, unha vez rematados os cursos de doutoramento e obtida a suficiencia investigadora, realicen a redacción e defensa da tese de doutoramento en lingua galega durante o ano 2010.

Non obstante o parágrafo anterior, quedan exceptuados desta axuda os estudantes de filloxía galega ou adscritos á subsección de filloxía galego-portuguesa, por entender que, dada a natureza dos seus estudos e o seu compromiso lingüístico, non é necesario incentivar a produción de teses en galego no seu caso.

#### **2 CONTÍA DAS AXUDAS**

A contía das axudas comprenderá o aboamento dos gastos de fotocopiado e encadernación da tese ata un máximo de 400 €.

### **3 SOLICITUDES, CONCESIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS**

As solicitudes presentaranse ata o 31 de decembro de 2010 no Rexistro Xeral, sempre con posterioridade á lectura e defensa da tese, segundo o modelo que se acompaña no anexo I.

A estas solicitudes acompañaráselles:

- a) Xustificantes dos gastos de fotocopiado e encadernación da tese.
- b) Declaración do director da tese ou doutro membro do tribunal de que a defensa da tese se realizou en lingua galega.
- c) Datos bancarios do solicitante.
- d) Fotocopia do DNI.

A concesión da axuda farase unha vez comprobado que reúne os requisitos esixidos. Se con posterioridade se comprobase a inexactitude ou falsidade do declarado, producirase a revogación automática da axuda.

A resolución farase nun prazo máximo de tres meses desde a solicitude e comunicarse mediante mensaxe electrónica ao interesado.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria á conta indicada na solicitude.

### **4 APOIO Á REDACCIÓN DA TESE**

Para todos os doutorandos interesados en redactar e defender a súa tese de doutoramento en lingua galega, a Universidade de Santiago de Compostela, por medio do seu Servizo de Normalización Lingüística, ofrece apoio lingüístico e informativo que se concreta no seguinte:

- a) Servizo de consulta lingüística e terminolóxica.
- b) Asesoramento á corrección da tese.

## 5 RECURSOS

Esta convocatoria e os actos singulares que como consecuencia dela se produzan, serán impugnables polos medios establecidos na lexislación de procedemento administrativo.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2010

O reitor,

Senén Barro Ameneiro